

ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2024/2025

A admisión do alumnado neste centro para o curso 2024/2025 axustarase á lexislación e o proceso que se indica.

1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, que regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/ 2006, do 3 de maio (códigos de procedemento ED550A, ED550B, ED550C).

-Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

-Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

2.-OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPONIBLES :

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos disponibles	(1)	Postos disponibles	(1)
Cuarto (3 anos).....20	3	Primeiro.....0	3
Quinto (4 anos)..... 6	0	Segundo ...9	
Sexto (5 anos)..... 0	0	Terceiro0	
		Cuarto10	
		Quinto0	
		Sexto7	

- Estes postos poden variar por escolarizacións extraordinarias.

(1)Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art.3 da Orde do 12 de marzo de 2013)

Segundo o punto 2.1.1. do acordo de mellora do sistema educativo non se incrementará o alumnado nas etapas de Infantil e Primaria sempre que o número de alumnos por unidade estea entre 20 e 25.

3.-ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, é a que figura no mapa de zonas educativas proporcionado polo Concello. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obligatoria o Centro está adscrito ao **IES Monte das Moas**.

4.-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial Anexo II

(**ED 550B**) a recoller en conserxería ou descargar no portal da Consellería de Educación: admisionalumnado: (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)

Deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio **do 1 ao 20 de marzo**, (horario de 9:05 a 9.45 h) debendo ir acompañadas da copia do libro de familia ou documentación acreditativa da idade do alumno, copia DNI, certificado de empadronamento.

No caso de optar a unha praza de Primaria, deberán achegar tamén certificación de matrícula do centro de procedencia.

En caso de separación xudicial ou divorcio, deberán presentar o convenio regulador ou resolución xudicial.

5.-PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS

As familias solicitantes poden consultar no centro , ou na páxina web, a partir do día 22 de marzo se vai ser necesario baremar.

De ser necesario a presentación dos xustificantes dos criterios de baremación, estes terán carácter voluntario.

A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

O prazo de presentación desta documentación é **do 22 de marzo ao 4 de abril**.

Criterios de admisión e a súa puntuación:

1. Nos centros docentes sostidos con fondos públicos onde non haxa postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes de reserva e/ou de admisión, para determinar a orde de prelación do alumnado, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Por unha irmá ou un irmán matriculados no centro: oito puntos; polo segundo e seguintes, dous puntos por cada un, co máximo de catorce puntos.

b) Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo.

1º. Por proximidade do domicilio familiar: se está na área de influencia do centro, oito puntos; se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro, catro puntos.

2º. Por proximidade do lugar de traballo: se está na área de influencia do centro, seis puntos; se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro, tres puntos.

c) Por renda per cápita da unidade familiar. A puntuación, por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do exercicio fiscal a que corresponde a renda, será a seguinte:

1º. Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: tres puntos.

2º. Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: dous puntos.

3º. Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: un punto.

4º. Se é igual ou superior ao IPREM: cero puntos.

d) Por persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente tres puntos, con independencia de que traballen ambas.

e) Por familia numerosa: de categoría especial, tres puntos; de categoría xeral, dous puntos.

f) No caso de irmáns nados dun parto múltiple, sempre que soliciten o mesmo centro, corresponderanlles oito puntos se son dous e dez puntos se son máis de dous.

g) No caso de familia monoparental: dous puntos.

h) Por discapacidade igual ou superior ao 33% dos membros computables da unidade familiar, a puntuación indicada a seguir co máximo de catro puntos:

1º. Alumno/a: catro puntos.

2º. Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: tres puntos.

3º. Calquera das irmás ou dos irmáns: un punto por cada un.

Así mesmo, terá esta consideración a percepción da pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

i) Por condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar: dous puntos.

j) Por condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar: dous puntos.

k) Por criterio complementario, consistente en solicitar centro público como primeira opción: un punto.

l) Polo expediente académico para ensinanza de bacharelato a puntuación será a seguinte:

1º. Nota media de sobresaliente: dous puntos.

2º. Nota media de notable: un punto.

3º. Por nota media de ben: medio punto.

2. O momento e a forma de alegar e acreditar os criterios de admisión será o que se estableza mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación.

3. En caso de empate na puntuación total resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo referidos, seguindo a mesma orde do punto 1 deste artigo. De manterse o empate, resolverase por sorteo público na forma que estableza a orde que desenvolva este decreto.

6.-PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

O día 25 de abril: Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de 5 días hábiles.

O día 15 de maio: Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

7.-PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa inscrición na Secretaría **do 20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, teráselle por decaído o dereito á praza obtida.

8.-SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios que ofrece o centro :

(organizados e xestionados pola ANPA do centro (apasallence@gmail.com)

8.1.-Madrugadores (7:30—9:00)

8.2.-Comedor Escolar (14:00-16:00).

Decreto10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

8.3.- Actividades Extraescolares (16:00-18:00).

INFORMACIÓN IMPORTANTE

A solicitude será única e vinculante, poderá constar ata de seis centros, por orde de preferencia e presentarse no centro indicado en primeiro lugar. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos progenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

Darán lugar á perda do dereito de prioridade:

-A presentación da solicitude fóra de prazo.

-A presentación de máis dunha solicitude.

-A presentación da solicitudes estando vinculado por reserva. A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.

-As solicitudes que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno.

-As solicitudes que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

-As familias poderán consultar o estado da tramitación das súas solicitudes a través da aplicación : admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), utilizando o código da solicitude e o nº DNI da persoa solicitante (Art.13.3)

A Coruña, a

26 de febreiro de 2024

Vº e Prace.

A Secretaria

A Directora

Asdo.: María Luisa Aguilar Amigo

Asdo.: Mª Victoria Vilarelle Souto